

EXPERIENCIA: DESCUBRINDO O XURÉS

Unha excursión de 7 días para descubrir unha das zonas máis descoñecidas de Galicia, chea de maxia, dunha natureza única e de tradicións que traspasan a fronteira luso-galaica.

Duración: 7 días, 6 noites

Dispoñibilidade: de abril a setembro.

Mínimo: 4 persoas

Máximo: 16 persoas

Restricións: non apto para persoas con mobilidade reducida.

Equipamento recomendado:

- Roupa cómoda, por capas segundo a época do ano.
- Calzado axeitado de montaña.
- Protección solar, lentes de sol, gorro.
- Mochila para transportar alimentos.

Inclúe:

- Visitas guiadas a rutas, monumentos culturais e naturais.
- Entradas a monumentos.
- Froita, auga e outros snacks para as rutas.

Descrición:

Descubriremos a fronteira que une os países veciños de Galicia e Portugal, onde a serra emerxe impoñente para mostrarnos o lado máis salvaxe da natureza que rodea este lugar.

Os vales, surcados por ríos glaciares, con impoñentes fervenzas e pozas de augas cristalinas, convidarannos ao baño, conformando o sistema nervioso destas terras. Os bosques frondosos ofrecerannos refuxio en paseos a través de camiños antigos para conectarnos co silencio. Respiraremos ao ritmo do corazón do Xurés: as súas tradicións, a súa historia e a súa cultura.

Por estas terras, onde se asentaron os primeiros poboadores, admiraremos numerosos dólmens na zona do Leboreiro e no Val do Río Salas (Val da Morte), atoparemos castros no alto e aprenderemos dos Romanos, dos que se conserva un campamento único en Europa; aprenderemos das súas augas termais e aproveitaremos esa vía romana antiga que unía Braga con Astorga, o que nos permitirá transportarnos a outro tempo, a aldeas tradicionais, ao uso colaborativo de fornos comúns, hórreos, castelos medievais e degustar a nosa sinxela gastronomía, que fai das Terras do Xurés un lugar único.

5 rutas de sendeirismo a realizar:

Vía Nova – Miliarios / Mata da Albergaría e Vía Nova no Gerês / Camiño Privilexiado do Couto Mixto / Paseo fluvial do Río Pacín / Olas do Río Mao

Patrimonio cultural e actividades:

Igrexa Visigótica Sta Comba de Bande / Vía Nova e Miliarios Romanos / Aldea Etnográfica de Puxedo / Megalitismo do "Val da Morte" / Igrexa Sta María a Real, Entrimo / campamento Romano Aquis Querquennis / Mansio Viaria "Aquis Originis" / Historia do Couto Mixto / Mosteiro de Celanova / Vila do Gerês / arquitectura popular e relixiosa: muíños / cruces, hórreos, fornos, eiras / termalismo / gastronomía tradicional.

Día 1. BENVIDA AO XURÉS

Día 2. TRALAS PEGADAS DOS ROMANOS

Día 3. POR TERRAS DO GERÊS

Día 4. A REPÚBLICA DO COUTO MIXTO

Día 5. O PARAÍSO DAS CACHENAS

Día 6. ETNOGRAFÍA E HISTORIA

Día 7. SENTINDO "A MORRIÑA"

** É unha experiencia para persoas habituadas a realizar actividades de sendeirismo, dun nivel medio-alto de dificultade. Para o detalle de cada actividade (dificultade, quilómetros, desnivel, equipamento adicional) contactar directamente con Ana.



EXPERIENCIA: DESCUBRINDO O XURÉS

Prácticas ecoamigables:

Leave No Trace (Non Deixar Rastro):
Esta é a miña ética central. Trátase de minimizar o impacto ambiental e cultural, deixando os lugares tal como se atoparon. Isto implica non deixar lixo, non perturbar a vida silvestre e respectar as comunidades locais.

Educación Ambiental:
Proporcionamos información educativa aos visitantes sobre a importancia da conservación, a biodiversidade e a protección do medio ambiente.

Turismo Responsable:
Respectamos as tradicións culturais locais, apoiamos as comunidades locais e minimizamos o impacto negativo na sociedade.

Conservación do entorno natural:
Contribuímos directamente á conservación de áreas naturais mediante a reflorestación, a conservación de especies en perigo de extinción e a restauración de ecosistemas danados.

Prácticas de turismo de baixo impacto:
Isto implica limitar o tamaño dos grupos, regulando o acceso a áreas sensibles e seguir rutas predefinidas para minimizar a perturbación á fauna e flora locais.

Promoción de produtos locais e sostibles:
Fomentamos o uso de produtos locales e sostibles na operación de la empresa, dende alimentos ata artesanías, contribuíndo cos emprendedores da zona e reducindo a pegada ecolóxica.














www.lirios-do-xures.webnode.es www.facebook.com/liriosdoxures www.instagram.com/liriosdoxures

DEPUTACIÓN OURENSE · inorde · OU OURENSE · galicia · XUNTA DE GALICIA